

BOLETÍN ÚNICO

CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE REMUDAS MIXTAS

13 DE DECEMBRO DE 2025



RAZA PALLEIRA



CANGAS DO MORRAZO

Máis información e inscricións ata o 07/12/25 en www.fegado.es



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



Concello
de Cangas



fegado
Federación Galega
de Orientación



#TBE Mapping

ORGANIZA: Club Raza Palleira razapalleira@razapalleira.com

ÍNDICE

PRESENTACIÓN.....	2
ORGANIZACIÓN.....	4
PROGRAMA 13 de decembro.....	4
CATEGORÍAS.....	4
INSCRICIÓNS, PREZOS e PAGO.....	5
Prezos.....	6
Pago.....	6
REGULAMENTO ESPECÍFICO DE COMPETICIÓN.....	7
LOCALIZACIÓN.....	8
INFORMACIÓN TÉCNICA.....	9
CARTOGRAFÍA Antonio Domínguez Portas (Raza Palleira).....	9
TRAZADOS Luis Nogueira de la Muela (Raza Palleira).....	9
DISTANCIAS E DESNIVEIS.....	10
Información técnica de especial interés.....	10
PROCEDEMENDO DAS REMUDAS.....	11
SEGURIDADE.....	12
COIDADO DO MEDIO.....	13
ENTIDADES ORGANIZADORAS E COLABORADORAS.....	14



Concello de Cangas

PRESENTACIÓN

O **Club de Orientación Raza Palleira** ten o pracer de organizar o "**Campionato Xunta de Galicia de Remudas Mixtas 2025**", unha proba que terá lugar o vindeiro **sábado 13 de decembro**. O evento desenvolverase no **centro urbano de Cangas de Morrazo**, establecendo o seu centro de competición nos Xardíns de Xosé Félix Soage (Alameda Vella), onde se agarda a participación da **representación galega da orientación**.

Esta competición disputarase na modalidade de **orientación urbana por remudas mixtas**, un formato dinámico onde equipos formados por homes e mulleres alternan a súa participación para completar un percorrido de balizas no menor tempo posible.

¡IMPORTANTE!

Os equipos serán de **DOUS COMPOÑENTES (Home e Muller)**

*Revisar regulamento específico de competición

A xornada non só decidirá os campións galegos de remudas, senón que servirá como o **gran peche da tempada 2025**. Ademais da carreira, o evento acollerá a **entrega de premios anuais** das ligas O-Pé e Sprint, así como a **asamblea xeral** da federación en horario de tarde, convertendo a Cangas no epicentro da orientación galega.



Composición de elementos urbanos de Cangas (IA)



Campionato Xunta de Galicia de Remudas mixtas

Cangas de Morrazo, sábado 13 de decembro de 2025



ORGANIZACIÓN

Presidente do Clube Organizador (Raza Palleira): Xoel Chamorro García

Director de Carreira: Antonio Domínguez Portas

Dirección Técnica e trazados: Luis Nogueira de la Muela

Responsable de Seguridade: Miguel Ángel Piñeiro Malvido

Técnicos de Cronometraxe: Javier Arufe Varela, Adrián Pérez Alonso

Xuiz da proba (FEGADO): Ricoy Bugarín

PROGRAMA 13 de decembro

09:30 h: apertura do centro de competición e secretaría

10:00 h: inicio da cuarentena e prohibición de circular polo mapa

10:45 h: explicación xeral do procedemento da remuda

11:00 h: saída en masa

11:15 - 12:00 h: saídas de iniciación permitidas

12:45 h: saída en masa 2

13:30 h: peche de meta e restablecemento do tráfico

14:00 h: cerimonia de entrega de premios do campionato e anuais da FEGADO

Plan bo tempo: Capela do hospital (aire libre)

Plan mal tempo: Casa do concello, salón de plenos

17:00: Asemblea Xeral da Federación Galega de Orientación (FEGADO) no salón de plenos da casa do concello

CATEGORÍAS

CATEGORÍA	CATEGORÍAS	ANOS DE NACEMENTO
INFANTIL	M/F 12 - 14	Nados en 2011 e posteriores
XUVENIL	M/F 16 - 18	Nados en 2007 e posteriores
SENIOR	M/F 21 - ELITE	Sen límite
VETERAN A	M/F 35 - 45	Nados en 1990 e anteriores
VETERAN B	M/F 55 - 65	Nados en 1970 e anteriores
Iniciación curta	Non federados proba individual	"Reservado" aos nenos
Iniciación Longa	Non federado proba individual	"Reservado" aos adultos

INSCRICIÓNS, PREZOS e PAGO

Fase 1, inscrición. Todos os competidores federados e non federados deberán inscribirse de forma individual na web de FEGADO. <https://fegado.es>

Data e hora límite o domingo 7 de decembro ás 23:50 horas

Fase 2, período de creación de equipos. A partir do luns pola tarde, a composición dos equipos será configurada polos responsables dos clubs coa ferramenta [OrelayManagement](https://relevos.fedo.org/help). Instrucións en <https://relevos.fedo.org/help>.

Data e hora límite o mércores 10 de decembro ás 23:59 horas

Os responsables dos clubs que configurarán aos equipos deberán facilitar os seus datos para habilitalos na aplicación web cubrindo este [formulario](#)

Data límite o xoves 4 de decembro

Fase 3, de forma **excepcional con autorización**, permitiranse modificacións dos equipos por causa maior ata o venres 12 ao medio día 12:00h.



Prezos

Os regulados no documento de [cotas e acordos FEGADO 2025](#).

O-PÉ e SPRINT

- Federados/as:
 - Categorías M/F-18 e inferiores: **7,0 €**.
 - Categorías M/F-21 e superiores: **10,0 €**.
- Non Federados/as con licenza de proba:
 - Iniciación Curta: **10,0 €**.
 - Iniciación Longa: **13,0 €**.

Aluguer da tarxeta SI 3€

Cambio da tarxeta SI pechadas as inscricións 2,0€, día da carreira 5,0€.

Pago

Pago por transferencia bancaria unificada de cada clube na conta de ABANCA

ES32 2080 5052 1630 4005 2128

Solicitudes de **factura** a razapalleira@razapalleira.com

REGULAMENTO ESPECÍFICO DE COMPETICIÓN

MARCO NORMATIVO O desenvolvemento desta proba réxese con carácter xeral pola normativa da Federación Galega de Orientación (FEGADO), especificamente polo Regulamento de Orientación e as Normas Anuais 2025.

Non obstante, debido a que este formato de Campionato carece dunha normativa específica detallada nos regulamentos xerais, a competición regularase polas condicións particulares expostas a continuación:

ARTIGO 1. COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS

- 1.1.** Os equipos estarán formados exclusivamente por **dous corredores**.
- 1.2.** A composición dos equipos poderá ser Mixta (Home e Muller) ou dun só xénero. Esta condición determinará a súa clasificación final segundo o estipulado no Artigo 4.
- 1.3.** Existe dorsal propio de proba que deberá ser recollido antes da mesma na secretaría.

ARTIGO 2. SISTEMA DE COMPETICIÓN

- 2.1.** A proba desenvolverase baixo o sistema de remudas.
- 2.2.** Cada equipo deberá completar un total de **4 postas**.
- 2.3.** Cada corredor realizará obrigatoriamente **dúas postas** de forma alterna, seguindo a secuencia **A-B-A-B**.

ARTIGO 3. ORDE DE SAÍDA E POSTAS

- 3.1.** A orde de participación é libre e será decidida polo propio equipo na configuración do **OrelayManagement**.
- 3.2.** A distribución das postas será fixa segundo o corredor que inicie a proba:
 - **Corredor 1 (Saída):** Realizará a **1ª** e a **3ª** posta.
 - **Corredor 2 (Remuda):** Realizará a **2ª** e a **4ª** posta (peche de meta).
- 3.3.** Descarga dos chips SportIdent obligatoria e inmediata tras a chegada a meta. Limpiar é comprobar antes da seguinte posta.
- 3.3.** Os mapas serán recollidos ao final de cada posta.

ARTIGO 4. CLASIFICACIÓN E PREMIOS

A clasificación xeral establecerase ordenando aos equipos por tempo de chegada (sempre que o percorrido sexa correcto), aplicando a seguinte orde:

1. CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA, en primeiro lugar, clasificaranse os equipos de **composición MIXTA (ou dúas mulleres)** cuxos dous compoñentes teñan licenza federativa en vigor e pertencen ao **mesmo club galego** (FEGADO).

2. CATEGORÍA CLUBES (NON MIXTA) a continuación, clasificaranse os equipos que **NON sexan de composición mixta** (dous homes), cuxos compoñentes pertencen ao **mesmo club galego**.

3. OUTRAS CONDICIÓNS, finalmente, clasificaranse o resto dos equipos participantes, incluíndo:

- Equipos (mixtos ou non) formados por corredores de **distintos clubs**.
- Equipos con corredores federados de clubs **non galegos**.
- Calquera outra combinación non contemplada nos puntos anteriores.

LOCALIZACIÓNS

O evento celebrarase no núcleo urbano do Concello de **Cangas do Morrazo**.

O **Centro de Competición (CC)**: Estará situado nos **Xardíns de Xosé Félix Soage** (coñecidos popularmente como a **Alameda Vella**).

 [Enlázase mapa de ubicacións do evento](#) 

Aparcamento libre, recomendado [aparcadoiro de Altamira](#) (turismos e caravanas).

INFORMACIÓN TÉCNICA

CARTOGRAFÍA Antonio Domínguez Portas (Raza Palleira)

Mapa: CANGAS **PO-2079-17** ✕

Localización: CANGAS DO MORRAZO (Pontevedra)

Autor/es: ANTONIO DOMÍNGUEZ PORTAS

Datos Sujeto Titular: AROMON

Modalidad: SPRINT

Datos del mapa: Año 2017
Escala 1:4000
Formato A3
Superficie 1.05km²



Mostrar en Mapa

Adaptación á normativa e recomendacións IOF: Pau Llorens.

Actualización: Antonio Domínguez Portas novembro 2025.

Tipo de Terreo: Entorno puramente urbano que combina trama de rúas sen tráfico e con tráfico aberto, zonas peonís, prazas e áreas axardinadas.

Equidistancia: 5 m

Normativa: Actualizado á normativa ISSprOM 2019.

TRAZADOS Luis Nogueira de la Muela (Raza Palleira)

O-PIE
ESPACIO ÉLITE



¿QUIÉN ES?

Nombre: **Luis Nogueira de la Muela**
Fecha de nacimiento: **25/12/1989**
Lugar de nacimiento: **Málaga**
Lugar de residencia: **Madrid**
Club: **C.O.M.A Málaga / Kristiansand OK**
Ocupación: **Funcionario**

¿QUÉ LE GUSTA?

Terreno favorito: ¡**Todos!**
Mapa favorito: **Imposible escoger uno...**
Competición favorita: ¡**Todos!**
Hobby: **Escribir, leer, música, otros deportes.**

¿DÓNDE ENCONTRARLO?

Facebook: <https://www.facebook.com/indomitus.indo>



DISTANCIAS E DESNIVEIS

CATEGORÍA	CONTROIS	DIST LINEAL	DIST REAL	DESNIVEL
INFANTIL	12-14	1300-1500 m	1600-1900 m	20-40 m
XUVENIL	16	1900-2000 m	2400-2900 m	30-70 m
SENIOR	16	1900-2000 m	2400-2900 m	30-70 m
VETERAN A	16	1900-2000 m	2400-2900 m	30-70 m
VETERAN B	12-13	1600-1700 m	2000-2500 m	30-60 m
INI curta	11	1100 m	1300 m	15 m
INI Longa	22	2200 m	2600 m	50 m


Escala para todos os mapas **1:4000** - Tempos estimados por posta **10-12'**

Información técnica de especial interés

Carretera cortada ao tráfico, a PO-551 está cortada ao tráfico pero non aos servizos de transporte público (autobús, ambulancia, taxi, policía), pódese cruzar e circular por ela libremente con precaución. O resto de rúas teñen tráfico aberto con circulación de vehículos media ou baixa.



Carretera prohibida, non está permitido correr pola carretera que fai límite oeste do mapa, pola beirarúa si se pode.



Cruce de carretera prohibida, prohíbese cruzar a PO-551 no lado este do mapa.



Corte artificial dunha rúa, existe un corte artificial dunha rúa sinalado co símbolo 708 e vixiado por xuíces auxiliares da competición.

Eleccións de ruta, deseños dos percorridos para en crear múltiples eleccións de ruta similares.

Controis cercanos, verificación de códigos por densidade de puntos de control en algunhas zonas do mapa.

Normativa sprint, recórdase que existen elementos do mapa pintados como prohibidos ou infranqueables que a propia normativa prohíbe o seu paso baixo risco de descalificación.

PROCEDEMENDO DAS REMUDAS



Esquema do centro de competición

A explicación do procedemento de saídas será realizada 15 ' antes do inicio da proba.

SEGURIDADE

A proba desenvólvese no centro urbano de Cangas de Morrazo. Aínda que se solicitou o corte de tráfico na PO-551 (Av. de Marín/Concello), o resto da competición terá lugar con **TRÁFICO ABERTO**. Por tanto, a seguridade depende da responsabilidade individual e do estrito cumprimento das seguintes normas:

- **Código de Circulación:** As persoas participantes considéranse peóns e están obrigadas a respectar as normas de tráfico e o código de circulación vixente en todo momento. O incumprimento destas normas poderá implicar a descualificación.
- **Convivencia con Vehículos:** Dado que se transita por vías compartidas, é fundamental extremar a precaución ao cruzar calquera rúa, mirando a ambos lados antes de invadir a calzada.
- **Prioridade Peonil:** Nas zonas peonís e beirarrúas, a prioridade absoluta é dos viandantes alleos á proba. Os corredores deben adecuar a súa velocidade para evitar choques ou situacións de perigo con peóns.
- **Asistencia Sanitaria:** Dispoñerase dun servizo preventivo con **ambulancia** na zona do evento, operativo aproximadamente entre as 11:00 e as 13:30 horas para atender calquera incidencia. Infórmase de que a proba está dada de alta e coordinada co servizo de emerxencias **061**. Cabe destacar que o **Centro de Saúde de Cangas (con servizo de Urxencias/PAC)** atópase situado dentro da propia área do mapa, a moi curta distancia do centro de competición, o que facilita unha rápida atención en caso necesario.
- **Axuda a competidores,** é preciso a asistencia aos corredores mancados.

Responsables de Seguridade: A seguridade da proba está coordinada por Miguel Ángel Piñeiro Malvido, en colaboración coas autoridades locais.

Teléfono de contacto durante a proba 670239611 (Director)

COIDADO DO MEDIO

O deporte de orientación caracterízase polo seu profundo respecto pola contorna. Dado que o Campionato Xunta de Galicia de Remudas Mixtas se desenvolve no casco urbano de Cangas de Morrazo, é responsabilidade de todas as persoas participantes garantir unha convivencia harmoniosa cos veciños e o coidado das infraestruturas.

Pregamos a máxima atención ás seguintes normas e recomendacións:

- **Convivencia con peóns e tráfico:** A proba desenvólvese maioritariamente con tráfico aberto, agás o corte puntual na PO-551. Os corredores e corredoras deben respectar estritamente as normas de circulación e extremar as precaucións, lembrando que os peóns teñen prioridade en todo momento.
- **Respecto ao Patrimonio e Mobiliario:** Está terminantemente prohibido danar o mobiliario urbano, valados ou propiedades privadas. Deben protexerse especialmente os elementos do patrimonio histórico e as zonas recentemente rehabilitadas.
- **Zonas Verdes e Xardíns:** Os percorridos están deseñados para evitar pisar zonas vulnerables. Queda prohibido atravesar xardíns públicos ou privados (representados no mapa coa cor verde oliva ou prohibida), debendo respectar as zonas axardinadas.
- **Residuos Cero:** É obrigatorio manter a limpeza do entorno. Non se permite deixar ningún tipo de residuo nin no centro de competición nin durante o percorrido. A organización realizará unha limpeza exhaustiva ao finalizar, pero precisamos da vosa colaboración para deixar o espazo igual ou mellor do que o atopamos.

Fagamos que a orientación sexa un exemplo de convivencia: respectar o entorno urbano é a mellor forma de agradecer a Cangas a súa hospitalidade.

ENTIDADES ORGANIZADORAS E COLABORADORAS



Concello de Cangas



**XUNTA
DE GALICIA**



**DEPORTE
GALEGO**



fegado
Federación Galega
de Orientación



**Deputación
Pontevedra**



CHAMORRO
Suministros & Redes de Pesca

#TBE Mapping